



O progreso pasa polas TIC

Inmersos nun ciclo recesivo que marca una nova tendencia económica, a Electrónica, as Telecomunicacións e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (as chamadas TIC) érguense como ferramenta transversal que contribuirá decisivamente a mellorar a competitividade e a produtividade dos países, potenciando o desenvolvemento sostible. As TIC son para o mundo actual, igual que a Revolución Industrial para o século XVIII, unha idea forza que explica a necesidade da apostar pola plena cobertura destas tecnoloxías na sociedade. A súa aplicación ao mundo das pemes contribúe á diversificación dos seus produtos e servizos, facilitando a actividade comercial, incrementando as cifras do emprego e a participación nas economías locais.

Galicia tórnase un exemplo claro do significado de fenda dixital. As especiais características do territorio galego, como son a situación periférica do noso país no contexto europeo, a orografía, a dispersión e o envellecemento da poboación, así como o importante peso das micro e pequenas empresas no noso tecido empresarial, suponen barreiras tradicionais para acadar maiores cotas de crecemento da nosa economía de forma sostible no tempo. Un dos piares base susceptibles de contribuír a superar esa fenda dixital é una educación que aposten por incrementar o alcance das novas tecnoloxías no ámbito escolar representando unha alternativa decisiva para asegurar o relevo xeracional

Outro factor decisivo para conquistar tal obxectivo pasa por priorizar a alfabetización dixital e a accesibilidade daqueles grupos de xénero e idade máis desfavorecidos.

Así mesmo o tecido empresarial non debe obviar o investimento en TIC desde unha óptica a longo prazo, como vía para adaptarse mellor e máis rapidamente aos cambios nos mercados, para acadar un crecemento dos seus resultados.

Neste senso resulta imprescindible facilitar unha rápida expansión das novas infraestruturas NGN (Next Generation Networks) promover o acceso cotiá a Internet en banda ancha e fomentar que os fogares tamén dispoñan deste servizo como ferramentas indispensables para o desenvolvemento e posicionamento de calquera país no ranking mundial.

Unha aposta en firme cara a creación dunha Consellería ou departamento de similar cobertura con competencias exclusivas en Telecomunicacións e Sociedade da Información contribuiría decisivamente a colocar a Galicia á cabeceira do Estado, pondo en marcha unha plataforma activa dende a cal os profesionais do sector poderían guiar, de xeito coordinado, o futuro das TIC en Galicia.

Ademais o feito de emprazar na nosa Comunidade a sede da Axencia Estatal de Radiocomunicacións trasladaría a presenza galega ao mapa global das Telecomunicacións á vez que favorecería a creación de numerosos postos de traballo



e de infraestruturas soporte.

En definitiva ocupar o posto que nos corresponde na circunscrición europea non pasameramente por incrementar as inversión

en materia tecnolóxica, senón que demanda unha reforma estrutural urxente

O futuro pasa por unha inminente era dixital que repercutirá no eido da saúde, no ámbito económico, empresarial, educativo e doutras disciplinas de primeira orde. Neste senso a aplicación das TIC contribuirá a potenciar o desenvolvemento sostible galego, situando o noso País no cumio da vangarda tecnolóxica.

Ramón Bermúdez de Castro Olavide
Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de
Telecomunicación de Galicia